


## Procedementos: Mancomunidades

En virtude do anterior, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia regula os referidos procedementos nos seus artigos 137 e seguintes.

### Procedemento de constitución de mancomunidades e de aprobación dos seus estatutos:



## Procedementos Mancomunidades

### INFORME DA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE RÉXIME LOCAL

rematado o prazo de exposición pública, o proxecto de estatutos, xunto coa resolución das reclamacións presentadas, remitirase á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe. Se de dito informe resultasen modificacións do proxecto de estatutos, as mesmas someteranse á consideración da Comisión Xestora, que, de non acepta-

### APROBACIÓN DEFINITIVA

Polos Plenos dos Concellos no prazo de dous meses, dende a recepción dos correspondentes informes ou do transcurso do prazo legal sen que os mesmos fosen emitidos, por maioría absoluta do número legal dos membros de cada unha das corporacións.

### PUBLICACIÓN

Remisión de copia certificada dos acordos de aprobación definitiva dos estatutos e da constitución da mancomunidade á Consellería competente en materia de réxime local, para a súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia.

### POSTA EN FUNCIONAMENTO


No prazo dun mes dende a publicación dos estatutos, elixiranse os órganos retores e iniciárase o funcionamento da mancomunidade.

### REXISTRO

A constitución da mancomunidade comunicárase á Administración central do Estado e á Xunta de Galicia a efectos da súa inscrición nos rexistros estatal e autonómico de entidades locais.

## Procedementos Mancomunidades


### Procedemento de modificación dos estatutos ou de disolución da mancomunidad:



## Procedemento Consorcios

Para a constitución dos consorcios e a elaboración dos seus estatutos, así como para a súa modificación e disolución seguiranse as mesmas regras e os mesmos procedementos previstos para as mancomunidades.

O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar que a Administración Autonómica forme parte dun consorcio local, designando, mediante tal acordo, un representante que pasará a formar parte da Comisión Xestora.



Neste suposto, unha vez adoptados os acordos de aprobación definitiva polas demais administracións públicas integrantes do consorcio local, o Consello da Xunta de Galicia aprobará os estatutos mediante decreto, que se publicará no Diario Oficial de Galicia xunto co texto íntegro dos mesmos.

: